


INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT

(Grao en Xeografía e Historia)

Curso 2018/19

R2 DO-0203 P1



Neste informe presentamos os datos acadados en relación coas accións levadas a cabo no PAT do grao en Xeografía e Historia durante o curso 2018-2019.

O Plan de Acción Tutorial da Facultade de Historia é continuidade do desenvolvido no curso 2017/2018 no que se acordou, tanto na Comisión de Calidade (22/06/2017) como na Xunta de Facultade (23/06/2017), simplificar o procedemento asignando un/unha único/a titor/a por curso, coa condición de que imparta docencia no mesmo. Partindo deste presuposto nomeáronse (19/06/2018) para o actual curso os seguintes docentes: Ladislao Castro Pérez (1º curso), Antonio Presedo Garazo (2º curso), Susana Reboreda Morillo (3º curso) e María López Díaz (4º curso).

Os resultados deste curso son os seguintes:

1. Anexo II

Este anexo só o cubre o estudiantado que se matricula en 1º curso por vez primeira e se lle entrega na sesión de acollida que o centro realiza a semana anterior ao comezo do curso académico. O índice de participación rexistrado foi dun 65%, dez puntos superior a cifra do curso anterior, o que resulta satisfactorio dado que se ofrece unha modalidade semipresencial con dificultades de asistir á xornada de acollida. Nesta enquisa recóllense datos de tipo persoal (DNI, enderezo...) e outras circunstancias que se relacionan co aspectos estruturais do grao (motivación, posibilidade de asistencia, organización e tempo de estudo e traxectoria académica previa). Destacamos, por exemplo a posibilidade de asistencia á clase, a totalidade contestaron que tiñan dispoñibilidade, agás dous que non contestaron; tamén o tempo medio que estiman dedicarlle a estudo diario, á terceira parte resúltalle complicado dar unha resposta concreta, algo máis de un terzo contestan entre 4 e 6 horas, o que parece unha resposta moi aceptable, a lo menos de boa vontade; o resto indican entre 1 e 3 horas, probablemente o que se corresponda máis coa realidade. Por último entre as razóns polas que escollen os estudos do grao destaca a vocación e o interese pola Historia, Historia da Arte e Xeografía e, en xeral, e o coñecemento. Tamén mencionan as saídas profesionais que recoñecen neste título (docencia, arqueoloxía, turismo...).

2. Anexo III

De acordo co reparto de titorización xa comentado, realizáronse en cada un dos catros cursos do grao en Xeografía e Historia dúas reunións grupais de seguimento ó remate do 1º e do 2º cuadrimestre, que consistiron nunha valoración previa oral sobre a dinámica do curso e os resultados do cuadrimestre que logo recolleuse no anexo correspondente. Así mesmo o alumnado cumprimentou o Anexo III. No cadro seguinte indícase o número de participantes por curso e cuadrimestre.

Curso	Reunión 1º cuadrimestre	Reunión 2º cuadrimestre
1º	12	14
2º	6	7
3º	13*	12
4º	5	0

* 4 de estes cubriron o Anexo III de xeito individual

Resultados:

- En relación co curso pasado se computou o mesmo número de participantes cun total de 57 participantes en reunións de seguimento, apréciase un notable incremento respecto ao sistema do PAT anteriormente empregado (alumno/a-titor/a) coa polo que se refrenda a adecuación da reforma realizada.

-As reunións transcorreron en bo ambiente e o alumnado comprendeu o sentido da mesma como unha valoración global do cuadrimestre.

-En xeral non se aprecian grandes demandas, aínda que si algunhas de tipo persistente, que en certos casos coinciden cos resultados das enquisas de satisfacción, como por exemplo a inadecuada temperatura nas aulas, a necesidade de insonorización e de enchufes. Outras máis puntuais fan referencia á demanda de melloras na modalidade semipresencial, a veces referidas aos horarios e datas de exames.

Parece unha cuestión redundante o feito de que o alumnado de terceiro curso atravesará por un proceso de desmotivación que superan ao chegar a 4º curso. A percepción

da titora é que resulta un momento complicado porque é un momento de inflexión no grao no que se cuestionan moitos aspectos novidosos de si mesmos/as. En calquera caso é preciso ter en conta esta situación e comprobar se é persistente.

3. Anexo IV

Número de casos: 33 (22 máis que o pasado curso)

	Moi boa	Boa	Mala	Moi mala
Item 2.	7	21	5	

	Moito	Bastante	Pouco	Nada
Item 3.	6	18	9	
Item 4.	10	21	2	

	Si	Non
Item 5.	25	8
Item 6.	26	4

Resultados

A maioría do alumnado considera “boas” as actividades desenvolvidas no PAT, respondendo cun “bastante” ao grao de desenvolvemento, cualificando entre “moito” e “bastante” a súa utilidade. Tamén a maioría considera que tanto as datas establecidas como o sistema de seguimento resultan axeitadas. As respostas máis negativas correspóndese co 3º curso.